


Relatório
Coroncyra

Letras Galegas 2010




*Fiandeira namorada
que fías detralo lume
cos ollos postos nas chamas
roxiñas brancas i azules.*

*Fiandeiriña que fías
nas noites do longo inverno
as liñas máis delgadiñas
co fio do pensamento.*

*Éai a neve quedo fora
riba dos teitos calada
mentras ti fías e soñas
nunha cousiña lonxana...*

Uxío Novoneyra




*Fiandeiriña delgada
sempre metida a fiar
sempre a fiar e soñar
para logo non ser nada.*

*Para logo non ser nada
eso inda está por ver
e pois cas frebas do liño
ó torcelas de camino
algo se ha de prender.*

*Algo se ha de prender
i asê que tiñas razón
que eu estábache mirando
sin deñar que encantenón
íbame indo namorando.*


Uxío Novoneyra



*Caín as follas...
Sinto unha cousa
que se apousa en min e non me toca.
E chove para que soñe,
para que eu soñe.
Fala a tarde baixinho.*

*Caín as follas
i é unha cousa
que se apousa en min e non me toca.
E chove para que soñe,
para que eu soñe.
Fala a tarde baixinho.*

Uxío Novoneyra



*Cousos do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir!*

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

*Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca da vagoada máis sola e máis medosa...*

*Rastrexa
párase e venta
finca e poluta ergue a testa e oula cara o ceo
con toda a sombra da noite na boca..*

Esta tarde o aire é meu amigo.

Voume sumindo sumindo.

*Si o aire quer
chegarein a non ser ningún.*

*Está o aire enfeño
n'algo que eu non vexo.*

*Os pasaros os prados
os eidos calados...*

Uxío Novoneyra

Terras Altas E Solas

Terras outas e solas!

Serras longas mouras!

Eu son esta coor de soidá...

Ancares soñados co lonxe!

*Penas de Marco de Medio Mundo en ringuileira do
Candedo ás Moás!*

Pimo da Devesa!

Alto da Lucenza

Formigueiros Montouto Ría-Láxaro

Tesos cumes do Courell Lobos probes

Ardidos de tristura mouros de queimados!

Lor ruxindo polo val pecho!

Ucedo e ucedo!

Fontiñas outas

penedos

carrozos escuros

fragas agros soutos e devesas!

Labregos e pastoras

que sólo vistes

istes tesos i estes vales!

Aturula a curuxa e canta o cuco

*Medindo o tempo quedo que se para na cor e tornándose
contra ún ven cravar-se no sitio onde máis se sinte...*

Uxío Novoneyra

Devesa da Roqueira

Siduieiros cimeiros!

Pena das Augas!

Xardois teixos

rebolos tocos faías derrubadas!

Camiño da Veneira!

Carreiro dos dez regueiros!

*Pereixas de carnabudo! Abrotias abrairas
pincheiras e pincheiras!*

Eiquí sempre foi bosque...

Ruxir solo

da fonte do corzo!

Barbas do mofo

pingando dos toros!

*Terras altas e craras da Lucenza
onde se ollan cerca as serras lonxanas!*

*Voan as aigas cas áas abertas
levando a sombra polas penas brancas
i as erbas douradas e sanguinentas.*

Eu son esto que vexo e que me vei.

Febreiro! Faro! Tribio! Cervantes!

Ancares!

Capeloso!

Montouto! Rebolo!

Gumes mouros do Courel!

Serras longas


de Oencia e Val di Orras!

O cor

*preso no silencio antergo dos tesos
sólo sente a presenza do sol...*


Inmensidade da terra i o ceo!

Uxío Novoneyra




*Chove xunto e miúdo...
Como siga unhos días iste tempo
vai dar gusto
ver cubertas de mofo as penas
as paredes vellas
as ourelas dos ríos
i as presas
as estoldas dos muiños
os teitos
os castiñeiros xa sin follas
i as árbores todas.*

Uxío Novoneyra



*Pensamento ven pensamento vai
hastra non estar nin co pensamento...
Os ollos sin ver o sitio onde van.
Levado do outo val
deixando correr o tempo
eu i o aire da tarde somos o mesmo silencio.*

Uxío Novoneyra



*Dacen as vacas
na nabarega.*

*Treme a pequena
que vai co'elas.*


Febreiro chove

febreiro xea

febrerio neva

neve lixeira...

Uxío Novoneyra



Chove pausiño prás sombras

chove pra baixo e pra riba.

Aire de soño en soño

a auga pinga que pinga...


Ven a noite polos eidos...

Vaise a tarde que nin xeme

decindo adeus con un xeito

que non sein nin se me esquece.

Uxío Novoneyra



Phao do Bidoal! Morodellas!

Arandeiras rebolas uces e xestas!


Síntese o tempo longo

Que pasou pouco a pouco

Zorriba destas penas velas

Cubertas de mofo...


Uxío Novoneyra



*Fincado na anta
- a fiestra aberta á alba -
vía voar as anduriñas.*

*Levein os ollos prá serra
i esquecinme da alba de min e delas
que anque iban e viñan
i anque oía non oía...*

Uxío Novoneyra



*Rincha o cabalo rinchón
peta o piquelo no encino
resga o gaio unha canción
e guíndaa dindes do ar
e vai voando sin tino
buscando outra noutro brelo
que ha de ter o mesmo sino.*

Enche o cuco o val co seu cantar.

Alxio Novoneyra



Xea.

Fai un frío que queima.

Pouco a pouco

Érguese a terra en trempos.

O tourón os trousos os carambelos!

Cruza un lobo...

Roxe a follá nos carreiros

Aló no fondo dos cousos.

Uxío Novoneyra

Letanía de Galicia

*Galicia digo eu
Galicia decimos todos
hastra os que calan din
e saben*

*Galicia da dor
Galicia da tristura
Galicia do silencio
Galicia da fame
Galicia vendada
Galicia tapeada
Galicia atrelada
libre pra servir*

*libre pra non ser
libre para morrer
libre para fuxir*

*Galicia labrega
Galicia mariñeira
Galicia obreira*

*ún di Galicia
Galicia
Galicia
sabemos*

*chora á forza
triste á forza
calada á forza
emigrante á forza
cega á forza
xorda á forza
queda á forza*

*libre para servir
libre para non ser
libre para morrer
libre para fuxir*

*Galicia nosa
Galicia nosa
Galicia nosa*

estás borrosa

Tronou ventou e choveo.

Bicouse a terra co ceo.

*A noite que onte caíu
sólo foi pre quen'a oíu.*

Ameteo o río. Ameteron as fontes

E os fontegallos dos montes.

Naz'a auga o golforón.

Regan os prados a cachón.

Uxío Novoneyra

*Rebolegan as cereixas Su a Rubial.
Corre o vento na erba de gadañar.*

*Santa a cousa que non canta
Santa a chicharra na erba
Santa a erba na gadaña.*

*Abanica a labrandeira no beirón da presa.
A auga non pasa. Corre brilla espella...*

*Chama a sombra.
Xa non se óin os chíos
Dos paxariños
Tan d'acotío sonan.*

Uxío Novoneira




Fragas iradas da Zaleira!

Taras de cabras e ovellas

De entre o Gerro i a Devesa!

Terra costa fraca i érmeda!


Uxío Novoneyra



*Torno eu de novo a ter temor
ó escurecer
torna a ser comigo a miña door
i a noite a ser miña señor
i a sombra a vir
calada
non sin eu a sentir.*

*Torna de novo a ser pagada
polo meu mal
de min a noite namorada
da alma en tebras desrendada
i a sombra a vir
calada
non sin eu a sentir.*

Uxío Novoneyra




*Teño amigas sotiles
Vulgares i estranas
Que van dos quince abriles
Atá as primeiras canas.*

*Eu
Que nin inda son meu.*

*Teño amigas en coitas
E ledas e senlleiras
As que eu amo de moitas
De tódalas maneiras.*

*Eu
Que nin inda son meu.*

Uxío Novoneyra




*Estrelampada de maio
con cinco paxareliñas!*

*Embarrosada d'orvallo
flaira d'abraira á pinga!*

*Corpiño de bidueira
delgada e ben seguida
que ten pro vento maneiras
ollos de auga movida!*


Uxío Novoneyra



*Daxaros voando
o ámeto do canto.*

*Cada sitio
ten un camiño
que non vai
máis alá.*

Uxío Novoneyra



Anxel fole Segùn Maside

*Ollos de cinsa e nebra
chegados da tebra!*

*Ollar antigo e novo! Ollar
que pon un manto ó pousar!*

*Ollar que neva!
Ollar que leva*

*e sabe o que se sabe
e canto en nós cabe!*

*Ollar que pregunta clamea di:
e tenta o couto do inralvabre!*

*Ollar que pregunta clama di:
Non podo non ser nin ser así!*

Qué é a coor do ucedo?

Van os tesos pro Inverno...

É a serra que ó ceo se enleva?

É o ceo que baixa?

*É a nebra
ou a brétema da ollada?*

*Non sein qué agarda a terra
qué agarda a alma.*

Eu ben sein que é certa a seguranza.

Eu non sein se é certa a seguranza.


*Éilí onde o ollar vai e ven un xeito
hai algo certo.*

Ben o soupo de niño o ollar primeiro.

É inda há volver teimar a teima.

Dor onde me veo esta certeza

Heina volver perder e volver éla.



*Non estás
e nin casa
nin país
nin chegar
é chegada.*

*Por non está.
Donte
xunto á noite.*

*Pavar en cova.
Door abunda!
Door deiza!
Son alma feita.*

Uxío Novoneyra

Fontiña do Carabel!

*Auga branca
nacida ó pé dunha faia
teñe que ter bon beber.*

*Toma
pon de calexa esta folla.
Aséntaa ben no buraco
e préndea cunha pedra.*

*Qué fontiña máis pequena!
Sécase dun sorbato.*

*Fontiña do Carabel
que das xusto o que ún pode beber!*

Uxío Novoneyra

Neva venta e fai fume.

Vense a xente tralo lume

i axóugase toda encol

ó cariño do remol.


Fora riba do lousado

óllase por un furado

nevar a copo tendido

e logo a entretecido...

Uxío Novoneyra



Allea a soutos e chousas

i a canto de eilí se vía


allea a areas e lousas

a auga crara corría...

Namorado tiña cousas

cousas que a auga sabía.

Uxío Novoneyra




*Prados da Veiga do Xal
de Cido e da Reboleira
onde se avista O Real
i a xente que ven da feira!*

*Iba eu polos camiños
ora cantaba ou xubriaba
de cando en cando paraba
a varexar os espiños.*

*Tódalas tardes traquía
gargantillas de morodos
i arandos que eu collía.
En chegar comíos todos.*

Uxío Novoneyra




Homenaxe Labrego a Daniel Lino na Padea

*Grabarein o teu nome nas penas
"Daniel" na porta das cabanas
en pradairos e nogueiras
ca navalla
que aguza a vara e tronza o pan
e direin para esconxurar:*

*Levántate nebra
ó alto da serra
amosa Terra
a vera face
que alimpe
que escampe
e ver a renda
de finos cabos
que xunce escravos
en liberdade*

Uxío Novoneyra



Alalás Encadeados

*É xa hora de que señas
Terra patria dos teus
dos que gardaron a fala
en que máis se dixo "adeus"*

*e señas dona de ti
e señora de falar
señora de decidir
e dona de se negar.*

Uxío Novoneyra

Escolma poética
Uxío Novoneyra

*Poemas elixidos polo alumnado e profesora-
do participante no acto "Música e Poes-
ía" que tivo lugar na Plaza do Concello
de Fene o 14 de maio de 2010 con moti-
vo da celebración do Día das Letras
Galegas*

*"O Segrel do Penedo"
(JES de Fene)*